

Acta da Sesión extraordinaria telemática do Pleno do Concello de Cerceda de 12 de maio de 2020.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as 13 horas e corenta e un minutos do día 12 de maio de 2020, reúnese o Concello Pleno en sesión telemática, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Manuel Rodríguez García, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. Juan Manuel Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelán Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García
D. Angel Gestal Gomez

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro
Dna. Celia López Pallas.
Dna. Luz M^a Bello Vazquez
D. Jesús Picón Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

Non asisten os concelleiros do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena García Costa.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Orde do día

Acordos

Primeiro: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de ratificación de Decreto da Alcaldía de aprobación de corrección de erros do acordo de PLAN UNICO CONCELLOS POS +2020.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Terceiro: Aprobación, se procede, do ditame da proposta de aprobación da modificación da Mesa Xeral de Contratación

Fiscalización e control.

Primeiro: Mocións.

Segundo:Dación de conta da situación derivada do COVID.

Primeiro: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de ratificación de Decreto da Alcaldía de aprobación de corrección de erros do acordo de PLAN UNICO CONCELLOS POS +2020.

O Alcalde procede á lectura da proposta ditaminada consistente no Decreto da Alcaldía nº 296/2020, que se transcribe:

“Decreto da Alcaldía-Presidencia

Tendo en conta que varios dos proxectos presentados tiñan eivas, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/EU e 2014/24/EU de 26 de febreiro de 2014; art 6 do CTE aprobado por RD 314/2006, e demais concordante.) É esta unha cuestión de tipo técnico que non afecta á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica.

Houbo tamén que corrixir a nomenclatura do proxecto “Senda peonil acceso a centro médico e outro” engadindolle “de Cerceda”, posto que non se admite a denominación xenérica dos proxectos,

Así mesmo detectáronse dous erros numéricos, característico baile de números, no acordo de aprobación do Plan, que unha vez revisados non afectan a contía total do mesmo nin o seu resultado final, e dado que a administración pode rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia de interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (art. 109 Ley 30/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas)

E polo que en exercicio das atribucións do art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	0

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Bombeo en Vila da Igrexa	44.656,57	0	44.656,57
Saneamento na AC-413(A Silva)e outros	33.440,56	0	33.440,56
Mellora de acceso a Piñeiro e outro	154.987,76	0	154.987,76
Subtotal investimentos achega provincial 2020	233.084,89	0	233.084,89

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rede de saneamento en A Picota (Xesteda) e outros	56.408,67	0	56.408,67
Subtotal investimentos achega provincial 2019	56.408,67	0	56.408,67

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Extensión de rede de saneamento en Xesteda ata cruce de Londoño	55.126,77	0	55.126,77
Execucion de nova rede de saneamento en Meirama	83.308,28	0	83.308,28
Senda Peonil A Vila-Cobeláns e outro	74.427,86	0	74.427,86
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	212.862,91	0	212.862,91

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-----	-----	-----
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0		0
	Achega 2020	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	0		0
	Achega 2019(Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	233.084,89	0	233.084,89
	Achega 2019	56.408,67	0	56.408,67
	Préstamo 2020	212.862,91	0	212.862,91
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0		0

TOTAL	Achega 2020	233.084,89	0	233.084,89
	Achega 2019	56.408,67	0	56.408,67
	Préstamo 2020	212.862,91	0	212.862,91
	TOTAL	502.356,47	0	502.356,47

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Saneamento e depuración en Xesteda	221.588,63
Senda peonil acceso a centro médico de Cerceda e outro	32.321,77
TOTAIS	253.910,40

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SETIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OCTAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

NOVENO.- Ratificar este acordo na seguinte sesión plenaria que se realice.”

Non se hai intervencións.

Sométese a votación ó asunto resultando aprobado por sete votos favorables do Grupo Municipal do PSDG-PSOE e cinco abstencións dos Grupos Municipais Popular e Mixto.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos.

O Sr. Alcalde-Presidente dá lectura a proposta :

“Considerando a necesidade de recoñecer obrigas rexistradas no exercicio 2019, procedente de facturas que se rexistraron a finais do exercicio que non tiveron tempo para a súa tramitación, ou porque, no momento da súa aprobación, non existía crédito suficiente para facelo.

Considerando tamén necesaria a aprobación dunha serie de facturas, que chegaron xa no ano 2020, pero que corresponden a servizos, obras ou traballos realizados en 2019.

Vistas as facturas derivadas dos traballos anteriores e que se relacionan a continuación:

TEDEC	Aplicación	Importe	Terceiro	Concepto
2019/T003/004676	130 22103	209,61	CERCEDA, S.A.	CONSUMO POLICIA LOCAL
2019/T003/005052	130 22699	25,49	NEA F3 IBERICA S.L.	COPIAS COPIADORA POLICIA LOCAL
2019/T003/003273	1531 21000	15.871,57	SYR AMG, S.L.	OBRA: MELLORA DE ACCESO PEATONAL Á ESTACIÓN NOVA DE MEIRAMA (CERCEDA) / ML DE LIMPIEZA DE CUNETAS / M2 DE EXPLANACIÓN DE
2019/T003/005046	1531 21000	842,16	EXCAV.OBRAS CERCEDA SL	Limpieza de cunetas e transporte de material sobrante PISTA TELLEIRO
2019/T003/003315	1532 22799	33.818,56	CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO S.L.	OBRA: MANTENIMIENTO Y BACHEOS DE VIALES EN LAS PARROQUIAS DE ENCOBRAS, MEIRAMA, CERCEDA Y QUEIXAS. / M ³ MACADAM / M ³ RI
2019/T003/005035	1621 22799	206,45	COGAMI RECICLADO DE GALICIA , S.L	RECOGIDA DE RESIDUOS SELECTIVA Y PAP Del 01/11/2019 al 30/11/2019
2019/T003/005062	1621 22799	13.016,66	SOL SERVICIOS, OBRAS Y LIMPIEZAS, S.A.	SERVICIO DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.
2020/T003/00378	1621 21300	22.283,00	EXCAV.OBRAS CERCEDA SL	REPARACIÓN CAMIÓN BASURA
2019/T003/003280	161 22799	21.719,98	GR. CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	Obra: Depuradora en Piñeiro / M2 de desbroce, limpeza y explanación de terreno / M3 de excavación en terreno de tránsito
2019/T003/005047	171 22199	58,66	GALOPIN PLAYGROUNDS, S.L. (ANTES LUDIPOLIS SL)	DIVERSOS REPUESTOS
2019/T003/005040	171 22799	1.189,43	FORSERGAL, S.L.	DESBROCE TALUD AREA RECREATIVA PORTOBREA

				(QUEIXAS)
2019/T003/005041	171 22799	278,30	FORSERGAL, S.L.	LIMPIEZA Y DESBROCE DE TALUD EN ENTRADA DE AREA RECREATIVA - QUEIXAS
2019/T003/004680	312 22103	3.850,00	CERCEDA, S.A.	GASOLEO CENTRO MEDICO CERCEDA
2019/T003/005008	312 22103	598,88	GASOLEOS A SILVA S.L.	GASOLEO BONIFICADO CENTRO MEDICO A SILVA
2019/T003/001532	330 22699	9,74	SGAE	VIA PUBLICA CERCEDA CINE 05/07/2018 BALLERINA
2019/T003/001533	330 22699	10,47	SGAE	BIBLIOTECA CERCEDA VARIETADES MAGO PEDRO BUGARIN 06/07/2018
2019/T003/001534	330 22699	593,95	SGAE	AUDITORIO MUNICIPAL CONCIERTO ROI CASAL 14/09/2018
2019/T003/001535	330 22699	355,59	SGAE	AUDITORIO CONCIERTO ROSA CEDRON, PACO LODEIRO
2019/T003/001536	330 22699	694,24	SGAE	AUDITORIO CONCIERTO LUAR NA LUBRE 07/09/2018
2019/T003/001537	330 22699	36,30	SGAE	AUDITORIO REPRESENTACION 22/04/2018 FEO - LAURA SARASO
2019/T003/001538	330 22699	2.118,55	SGAE	AQUAPARK DE CERCEDA COMBO DOMINICANO ORQUESTA
2019/T003/001539	330 22699	114,94	SGAE	AUDITORIO REPRESENTACION 07/10/2018 O CASO E TER SAUDE
2019/T003/001540	330 22699	9,74	SGAE	VIA PUBLICA CERCEDA CINE 08/08/2018 LA LA LAND
2019/T003/001541	330 22699	121,00	SGAE	AUDITORIO REPRESENTACION 25/11/2018 CONTOS DO RECREO
2019/T003/001542	330 22699	16,87	SGAE	BIBLIOTECA CERCEDA VARIETADES MAGO BENXAMIN 19/11/2018
2019/T003/001543	330 22699	114,94	SGAE	AUDITORIO REPRESENTACION 11/11/2018 AGURATRAT - ROALD

2019/T003/001544	330 22699	114,94	SGAE	AUDITORIO REPRESENTACION 13/05/2018 OS VELLO NON DEBEN
2019/T003/001545	330 22699	114,94	SGAE	AUDITORIO REPRESENTACION 21/12/2018 MANOLO LOJO - JOSE
2019/T003/001546	330 22699	9,74	SGAE	AUDITORIO CINE 27/10/2018 A TROPA DE TRAPO
2019/T003/001547	330 22699	9,74	SGAE	AUDITORIO CINE 01/12/2018 PEREZ O RATIÑO DOS TEUS SOÑO
2019/T003/001548	330 22699	31,56	SGAE	CENTROS SOCIALES CONCIERTO JORGE JUNCAL JOAGE - BIBLIOPISCINA 21/08/2018
2019/T003/004987	3321 22103	601,13	GESTCALOR, S.L.	Pellet de madeira 6mm EN-Plus A1 (BIBLIOTECA MUNICIPAL CERCEDA)
2019/T003/005037	341 22799	15.076,38	SERVIPLUSTOTAL, S.L.U.	Actividades Culturales y Deportivas no Concello de Cerceda. Decembro 2019
2020/T003/001289	341 22799	14.900,55	SERVIPLUSTOTAL, S.L.U.	FORMACIÓN CAMPUS
2019/T003/005057	341 22799	1.053,00	EDUKAJUDO	. CLASES DE JUDO E. D. M. CERCEDA
2019/T003/005056	342 22103	1.178,10	GASOLEOS A SILVA S.L.	GASOLEO BONIFICADO PISCINA CERCEDA
2020/T003/000478	342 22103	1.121,64	GASOLEOS A SILVA S.L.	GASOLEO B PISCINA CERCEDA
2019/T003/004983	342 22706	1.573,00	JUAN MANUEL REY GOMEZ	PROYECTO DE REFORMA DE LA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DEL POLIDEPORTIVO DO PIÑEIRO
2019/T003/002137	920 22100	2,17	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A	SUMINISTRO ENERXIA ELECTRICA
2019/T003/002295	920 22100	2,57	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A	SUMINISTRO ENERXIA ELECTRICA
2020/T003/000485	920 22604	211.750,00	BERYMOR ABOGADOS	MINUTA

Consideracións legais

Ao abeiro do artigo 176 do TRLFL e 26 do RDO, con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, se aplicarán ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos xerais da entidade local.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3 do TRLFL.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RDO.

Visto o informe da Intervención 77/2020, de 06/05/2020.

Considerando a proposta realizada pola Alcaldía, e á vista da competencia otorgada ó Pleno da Corporación polo artigo 60.21 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, se propón a adopción do seguinte

Acordo:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas anterior, co obxecto de proceder ao seu recoñecemento extraxudicial ao non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía, por un importe total ascende a 365.704,54 euros”.

INTERVENCIÓNS QUE SE CITAN:

O Sr. Santos describe en que debe consistir o recoñecemnto extraxudicial de créditos, e que o mesmo non está para amparar irregularidades xurídicas. Dí que hai cinco ou seis facturas de importes moi importantes que están sin presuposto nin contratación. Insiste que este procedemento non serve pra solventar trámites adminsitrativos irregulares, por exemplo vese o Campus de fútbol a unha empresa contratada pola fedederación. Segue explicando a que se deben as facturas de BERMOR, e pon en dúbida ó dereito a cobrar a citada factura. Asegura que o Sr. Alcalde se atopa nun punto moi difícil, nun dilema de empezar de novo ou seguir cas corrupcións do pasado.

O Sr. Sánchez entende que o evento non foi organizado polo Concello , logo non se pode nin aprobar nin pagar que eso é unha irresponsabilidade. Relativo a factura do camiión non consta a tramitación adminstrativa, e asegura que é demagogía votar a favor desa factura. En canto a factura dos abogados fai unha parafrasis do informe da Secretaría, e segue asegurando que cada um debe asumir a súa responsabilidade.

Contesta o Sr. Alcalde que non se tuvo que pagar o que pasou é que se deixou de cobrar. Que se meteron nun caixón porque se consideraban inxustas, pero o dilema é si hai que pagar ou non. Non hai garatntia ninguha de que se saia favorecido si se recurre, non digo que non é un aforro, pero é unha reducción, e reitera que non hai seguridade de ganar un recurso. En canto a outras facturas, asegura que non é vontade do grupo de goberno de incurrir em procedementos ilícitos, presupón boa fe entre a administración e os contratistas, a profesionalidade dos técnicos, foi concenciudamente comprobada a prestación do servico. O servico do campus foi prestado para o Concello, esto é de dominio público. O camiión afrontouse e está a vista, que é un camiión vello. Repite que non se trata dun aforro pero é unha solución máis conveniente. E unha cuestión pública, e acréditase que é en defensa dos intereses do Concello, non ten nada que ver ca defensa do anterior Alcalde.

Toma a palabra o Sr. Santos para asegurar que o aprobar estas facturas partese dunha ilegalidade administrativa, xa que non hai relación contractual algunha, preguntase se non terían presa de cobrar noventa e tres millóns, e

que de ser eles, el estaría moi cabreado. Con estes abogados asinouse un contrato para a asesoría do Alcalde. Asegura que o que hai é un enriquecemento ilegal pero a costa do Concello, e encima concédeselle un despacho a un corrupto, ó anterior alcalde.

O voceiro do BNG, Sr. Sánchez, asegura que si a documentación estivese clara xa estarían pagadas, e resulta que non están claras porque hai informes en contra de intervención e secretaría.

Responde o Sr. Alcalde que nestes casos había un acordo previo para prestación do servizo, e asegura que o grave sería que cobrasen mais do que facturasen no seu momento., o alcalde anterior non lle pareceu bem a factura. Pero agora hai que ser responsable, xa que non hai garantía de que recurrindo se fose a pagar menos. Em canto o do despacho do anterior alcalde, invítalle, cando remate o confinamento, a vir para comprobar que non ten despacho algún, e se ven o Concello teño a obriga de atendelo como a calquer veciño. No relativo a documentación estaba clara, e non se pagou porque non se estaba de acordo ca factura, pero agora é responsabilidade nosa.

Sometido a votación o asunto resulta aprobado por sete votos a favor do Grupo Municipal Socialista, e cinco en contra do Grupo Popular e Mixto.

Terceiro: Aprobación, se procede, do ditame da proposta de aprobación da modificación da Mesa Xeral de Contratación
--

Proposta de acordo de modificación da composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Cerceda.

O Alcalde-Presidente da lectura a proposta que se transcribe:

“En sesión de Concello-Pleno celebrada o 2/7/2019, adoptouse acordo de creación da Mesa de Contratación permanente, dito acordo publicouse no BOP nº127, de 8 de xullo de 2019.

Con motivo da nova composición da Corporación Municipal compre a súa modificación para a substitución dos membros que non forman parte da mesma.

Correspóndelle ó Concello-Pleno a atribución para a constitución da mesa permanente, tanto no exercizo das súas atribucións para a creación de órganos desconcentrados, segundo artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local; como en virtude da aplicación analóxica da apartado 5 da Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que residencia no Plenario a constitución das Xuntas de Contratación.

Este acordo deberá publicarse no Perfil do contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, que segue a estar vixente no que non contradiga as disposicións da nova lei.

En cumprimento das atribucións que lle corresponden según o artigo segundo artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, así como en virtude da aplicación analóxica do apartado 5 da Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público , propónse ó Concello Pleno a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro. Constituír a nova Mesa permanente de Contratación Xeral do Concello de Cerceda ca seguinte composición:

Presidente: D. Francisco Javier Boquete Cambón.

Presidente suplente: D. Juan Manuel Rodríguez García.

Vocais:

Secretario Xeral: D. Raúl Martínez Martínez.

Interventora : Dna. Pilar Martínez Villar.

Secretaría da Mesa:

Dna. M^a Isabel Bermúdez Castro.

Secretaría suplente: Dna. M^a Jesús Pereiro García.

Segundo. Este acordo será obxecto de publicación no perfil do contratante do Concello de Cerceda e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

Intervencións que se citan:

O concelleiro Sr. Sánchez asegura que lle gustaría participar na mesa de contratación.

Respóndelle o Sr. Alcalde que é máis ben un órgano técnico pareo que toma nota para o futuro.

Sometido a votación o asunto resulta aprobado por sete votos a favor do Grupo Municipal Socialista, e cinco en abstencións, dos concelleiros do Grupo Popular e Mixto.

Fiscalización e control.

Primeiro: Mocións.

1.1.-Moción que presenta o Grupo Mixto sobre a Derrogación da Lei Montoro.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, establece o marco que determinarían os seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei Orgánica á que se fai referencia no citado artigo 135.

A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

- Equilibrio ou superávit estrutural.
- Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).
- Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas na s adxudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

Hoxe máis que nunca é necesario derrogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.”

O concelleiro Sr. Sánchez lee a proposta. O Sr. Santos anuncia o seu voto a favor e engade a suxerencia sobre o contido da mesma.

O Sr. Alcalde asegura que está totalmente a favor e anuncia o voto favorable.

Sometida a votación resulta a probada por unanimidade.

1.2.-Moción que presenta o Grupo Mixto para a elaboración dun Plan Galego de Reactivación.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis

desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas legislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despreparar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos).

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1 Instar a Xunta de Galiza á iniciación da elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.
- 2 Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.

- 3 Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.
- 4 Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.”

O concelleiro Sr. Sánchez lee a proposta. O Sr. Santos anuncia o seu voto a favor e engade a suxerencia sobre o contido da mesma. O Sr. Santos anuncia o seu voto a favor. E toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que houbo un erro que non hai que empatizar porque foi unha situación difícil, e pronunciase a favor da proposta.

Sometida a votación resulta aprobada por unanimidade.

Segundo: Dación de conta da situación derivada do COVID-19

Procede o Sr. Alcalde a dicir que agradece os esforzos do persoal e da veciñanza para superar esta situación, e da lectura do informe sobre a situación COVID.

Non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión sendo as quince horas e vinte e tres minutos do día que figura no encabezamento da acta.

O Alcalde-Presidente

Juan Manuel Rodríguez García

O Secretario

Raúl Martínez Martínez.